



Instrución 1/2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime oficial para o curso 2023/24.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2. Esta norma dispón que a consellería competente en materia de educación regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado destas ensinanzas.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, establece os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24, establécese o procedemento para a elaboración, administración e avaliación das probas para a obtención dos certificados dos niveis regulados no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, para o curso 2023/24.

No apartado 20.5.a) da Resolución do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24, establécese que o alumnado dos cursos ordinarios terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar, con carácter xeral, na primeira quincena do mes de xuño e outra, extraordinaria, que se realizará a partir do 20 de xuño de 2024.

No apartado 14.2.a) desta mesma resolución, establécese que se poderán programar nas escolas oficiais de idiomas cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e cursos de actualización de galego (CALG) para o profesorado, e que o profesorado que complete estes cursos e cumpra cos requisitos de asistencia poderá matricularse nas probas de certificación e terá carácter de alumnado oficial en canto ao número de convocatorias.

Polo tanto, co obxecto de organizar, para o curso 2023/24, as probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 para o alumnado oficial, o alumnado inscrito nos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC), nos cursos de actualización de galego (CALG), o alumnado do programa CUALE e o alumnado dos cursos *ExamPrep* do programa *That's English!*, a Dirección Xeral de Formación Profesional dita as seguintes instrucións:



1. PROBAS DE CERTIFICACIÓN

1.1. Nivel básico A2

1.1.1. As probas de certificación de nivel básico A2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel básico A2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.1.2. As probas de certificación do nivel básico A2 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel básico A2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_e_de_especificacions_a2_2023_1.pdf

1.2. Nivel intermedio B1

1.2.1. As probas de certificación de nivel intermedio B1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.2.2. As probas de certificación do nivel intermedio B1 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B1*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_e_de_especificacions_b1_2023_1.pdf

1.3. Nivel intermedio B2

1.3.1. As probas de certificación de nivel intermedio B2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.3.2. As probas de certificación do nivel intermedio B2 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_e_de_especificacions_b2_2023_1.pdf

1.4. Nivel avanzado C1

1.4.1. As probas de certificación de nivel avanzado C1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.4.2. As probas de certificación do nivel avanzado C1 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel avanzado C1*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_e_de_especificacions_c1_2023_1.pdf

1.5. Nivel avanzado C2

1.5.1. As probas de certificación de nivel avanzado C2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.5.2. As probas de certificación do nivel avanzado C2 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel C2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_e_de_especificacions_c2_2023.pdf

2. ACCESO ÁS PROBAS

2.1. Alumnado de ensinanza presencial e semipresencial

O alumnado presencial ou semipresencial matriculado nun curso final de nivel terá que superar a proba de certificación correspondente para obter o certificado que lle permita ascender, se é o caso, ao nivel inmediatamente superior.

2.2. Alumnado do programa *That's English!*

2.2.1. O alumnado do programa *That's English!* terá que superar a proba de certificación de nivel básico A2 ao remate do módulo A2.4 para acadar a certificación do citado nivel.

2.2.2. O alumnado que estea a cursar o módulo B1.2 deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B1 para acadar a certificación do citado nivel.

2.2.3. O alumnado que estea a cursar o módulo B2.4 deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B2 para acadar a certificación do citado nivel.

2.2.4. O alumnado que estea a cursar o módulo C1.2 deberá superar a proba de certificación de nivel avanzado C1 para acadar a certificación do dito nivel.

2.2.5. O alumnado procedente dos cursos *ExamPrep* do programa *That's English!* do segundo cuadrimestre deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B2 ou avanzado C1 para acadar a certificación dos citados niveis.

2.2.6. Este alumnado non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

2.2.7. Os centros de apoio tutorial deberán remitirlles a relación do alumnado de *That's English!*, co nome, apelidos, DNI e nivel que corresponda, aos centros de apoio administrativo respectivos. As EOI procederán entón a incluír este alumnado nas probas de certificación do nivel correspondente. Porén, o alumnado dos cursos *ExamPrep* terá que realizar a inscrición na convocatoria das probas, de acordo co establecido no apartado 4.3 da Instrución 9/2023 da

Dirección Xeral de Formación Profesional sobre a impartición de cursos de preparación das probas de certificación de inglés dos niveis intermedio B2 e avanzado C1 na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2023/24.

2.2.8. As probas de certificación do alumnado do programa *That's English!* realizaranse nos centros que figuran no anexo I da presente instrución.

2.2.9. As probas de certificación do alumnado dos cursos *ExamPrep* do programa *That's English!* realizaranse nas sedes das EOI onde este alumnado estea matriculado.

2.3. Alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e dos cursos de actualización de galego (CALG)

2.3.1. O alumnado dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e dos cursos de actualización de galego (CALG) que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula no centro onde cursou o CALC ou CALG, seguindo o procedemento recollido na presente instrución, indicando na aplicación web de matrícula o idioma e nivel do curso que está a realizar.

2.3.2. O alumnado procedente destes cursos que cumpra os requisitos de asistencia e se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias. Para isto deberá presentar o documento da realización do dito curso, emitido polo CFR, onde conste que a persoa cumpre o citado requisito de asistencia. Este documento só terá validez para os efectos de matrícula. No suposto de que se trate de profesorado que realizou o curso no mesmo centro en que imparte docencia noutro idioma, este deberá formalizar a matrícula noutro centro e respectaráselle a súa condición de alumnado oficial.

2.3.3. As persoas candidatas procedentes destes cursos non terán que aboar os prezos públicos correspondentes ao concepto de matriculación por idioma, sempre que vaian realizar as probas de certificación do idioma e nivel correspondente por primeira vez. No caso de se matricularen por primeira vez nunha escola oficial de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia, estas persoas deberán aboar os prezos públicos correspondentes á apertura de expediente.

2.4. Alumnado procedente do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE)

2.4.1. O alumnado procedente dos cursos CUALE establecidos na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da

Comunidade Autónoma de Galicia que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido na presente instrución.

2.4.2. O alumnado procedente dos cursos CUALE 2023/24 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico.

2.4.3. Os centros onde teñen lugar os cursos CUALE enviarán á Dirección Xeral de Formación Profesional as listaxes por idioma e nivel correspondentes ao alumnado de cada curso. A Dirección Xeral facilitaralle a cada escola oficial de idiomas as listaxes de alumnado CUALE correspondentes á escola e extensións, se é o caso.

3. MATRÍCULA NAS PROBAS

A matrícula realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/>

3.1. Prazo de matrícula (para os cursos CALC, CALG, CUALE, ExamPrep)

O prazo de matrícula nas probas de certificación para o alumnado que asiste aos cursos CALC ou CALG, o alumnado procedente dos cursos CUALE e o alumnado dos cursos *ExamPrep* do segundo cuadrimestre será do 8 ao 12 de abril de 2024, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 23:59 do 12 de abril.

3.2. Documentación

Para formalizar a matrícula, o alumnado deberá presentar, a través da aplicación web, a seguinte documentación:

- ✓ De ser o caso, o resgardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- ✓ Unha fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. No caso de que a persoa candidata se identificara cun documento distinto do DNI ou do NIE, deberá formular a solicitude presencialmente na secretaría da EOI no prazo establecido para a matrícula no apartado 3.1 da presente instrución.

- ✓ Para o alumnado de *ExamPrep* que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2024, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do anexo II.
- ✓ Para o alumnado dos cursos CALC e CALG, o documento da realización do curso, emitido polo CFR, onde conste que cumpre co requisito de asistencia.

A documentación presentarase dende a ligazón: <https://www.informaticacentros.com/xunta/>. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

3.3. Alumnado con diversidade funcional

3.3.1. De acordo co establecido no artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, no caso do alumnado con diversidade funcional, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

3.3.2. O alumnado que precise condicións especiais para a realización das probas debido a algún tipo de discapacidade física ou sensorial, tales como discapacidade visual, parcial ou total, e algúns graos de discapacidade motriz e de hipoacusia, trastornos da fala, ou discapacidades múltiples deberá xustificalo mediante a documentación acreditativa da discapacidade e solicitar unha adaptación da proba cubrindo o formulario facilitado pola EOI (anexo III da presente instrución). A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo IV.

3.3.3. En calquera caso, de acordo co disposto no artigo 3.9 do Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, o alumnado que necesite condicións especiais para a realización da avaliación de certificación non será dispensado da realización de ningunha das partes das que conste a proba, que será única para todo o alumnado.

3.4. Incompatibilidades

3.4.1. O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

3.4.2. Non se poderán examinar das probas de certificación dunha lingua aquelas persoas que participasen na súa elaboración ou no seu proceso de configuración final.

3.4.3. Así mesmo, o profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá matricular nas probas de certificación de ningún idioma na propia EOI en que imparte ou impartira docencia no curso 2023/24, e, en ningún caso, se poderá matricular para realizar as probas de certificación do(s) idioma(s) que imparte en ningunha EOI de Galicia. No caso de profesorado interino ou substituto que estivera matriculado nunha escola previamente ao seu nomeamento na mesma, deberá solicitar o traslado de expediente a outro centro, ou ben poderá renunciar á matrícula.

3.5. Estatística

Unha vez rematado o prazo de matrícula, e ata o 16 de maio, as EOI remitiranlle por correo electrónico ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente unha estatística co número de matrícula en cada nivel por idioma e modalidade, separada por centros (sede central da EOI e extensións, se as houbese), consonte o anexo V da presente instrución. A estatística deberá incluír o número de tribunais previstos por idioma e nivel.

4. ESTRUCTURA, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN ÁS PROBAS

4.1. Os equipos directivos das EOI garantirán que o alumnado dispoña de información completa sobre a estrutura, contido, criterios de avaliación e cualificación de todas as probas, así como das condicións e prazos de reclamación sobre a súa cualificación.

4.2. Para isto, as escolas publicarán as presentes instrucións, xunto coas guías informativas e de especificacións das probas de certificación de cada nivel. Así mesmo, publicarán tamén as táboas de avaliación para as actividades de produción e coprodución de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, mediación oral e mediación escrita, que se incluírán nas guías de avaliación e cualificación que esta dirección xeral enviará aos centros antes da realización das probas.

5. ADMINISTRACIÓN DAS PROBAS

5.1. As probas de certificación administraranse nas sedes das EOI e, se é o caso, nas súas extensións, de acordo coa súa oferta educativa no curso 2023/24.

5.2. Para a súa correcta administración deberán terse en conta as guías de administración das probas de cada nivel que a Dirección Xeral de Formación Profesional lles remitirá ás escolas oficiais de idiomas.

5.3. As probas de certificación para o profesorado dos cursos CALC e dos cursos CALG realizaranse nas escolas onde se impartiron os cursos correspondentes, unicamente para o nivel ou niveis impartidos.

5.4. As probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral para o alumnado CUALE contarán con tribunais específicos para a súa administración e cualificación.

5.5. A cualificación da produción e coprodución de textos escritos, da mediación escrita, da produción e coprodución de textos orais e da mediación oral das probas será realizada por tribunais formados, polo menos, por dous membros do departamento correspondente. No caso de departamentos didácticos unipersoais, o servizo de inspección educativa respectivo designará o profesorado que deberá desprazarse desde outra sede ou extensión para a formación dos tribunais que garantan a correcta administración das probas.

6. CALENDARIO DAS PROBAS

6.1. Para os niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a parte escrita (comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, e mediación escrita) das convocatorias ordinaria e extraordinaria das probas de certificación administrárase de acordo cos calendarios de administración que se achegan como anexos VI e VII da presente instrución.

6.2. No caso de que, por razóns debidamente xustificadas e excepcionais por causas imputables ao centro, as probas de certificación non se puidesen administrar nos calendarios establecidos nos anexos VI e VII, a escola deberá informar e solicitar ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente da Dirección Xeral de Formación Profesional a autorización para administrar a proba de reserva noutra hora ou data.

6.3. A parte escrita da proba dos niveis básico A2 e intermedio B1 de todos os idiomas realizarase na primeira quincena do mes de xuño, na convocatoria ordinaria, e a partir do 20 de xuño, na convocatoria extraordinaria, de acordo co calendario que estableza cada escola, que deberá publicarse tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web do centro. Excepcionalmente, de acordo coas necesidades das escolas, as probas da convocatoria ordinaria destes niveis poderán realizarse na última semana do mes de maio, e a partir do 17 de xuño as probas da convocatoria extraordinaria, previa autorización do servizo de inspección educativa correspondente.

6.4. As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada escola, que deberá facelas públicas, cando menos, con 3 días de antelación con respecto á realización da proba, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Estas probas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas. Con carácter excepcional e de acordo coas necesidades das escolas, poderán realizarse probas orais na última semana do mes de maio, e a partir do 17 de xuño para a convocatoria extraordinaria, previa autorización do servizo de inspección educativa correspondente.



6.5. A EOI de Vigo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel intermedio B2 de xaponés e de nivel avanzado C2 de alemán.

6.6. As escolas poderán fixar probas nas datas das probas de acceso á universidade, sempre que se garanta que non lle afecta a ningunha das tipoloxías de alumnado descritas no apartado 2 da presente instrución.

Así mesmo, poderán fixar probas nas datas establecidas pola Dirección Xeral de Formación Profesional para os niveis B2, C1 e C2, sempre que se garanta que non lle afecta a ningunha das tipoloxías de alumnado descritas no apartado 2 da presente instrución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández